



Ponte deume

BANDO

ELECCIONS LOCAIS 2023

EXPOSICIÓN DO CENSO ELECTORAL

Convocadas as eleccións locais e ás Asambleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023, mediante Real Decreto 207/2023, de 3 de abril (BOE nº 80 de 4 de abril de 2023)

O Concello pon en coñecemento de toda a veciñanza que o Censo electoral para consultas e/ou reclamacións estará exposto ao público na Secretaría Municipal, en horario de 09 a 14h, durante o periodo seguinte:

- Do 10 ao 17 de abril.

Para a consulta dos datos de inscrición, a identificación dos/as interesados/as realizarase do seguinte modo:

- Para electores españois: D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir.
- Para os cidadáns da Unión Europea: pasaporte, documento de identidade do seu país de orixe ou tarxeta de residencia.
- Para os cidadáns nacionais de países de acordos de reciprocidade de voto con España nas eleccións municipais: tarxeta de residencia, excepto para Reino Unido inscritos antes do 1 de xaneiro de 2021, Islandia e Noruega, para os que tamén se permite pasaporte ou documento de identidade do seu país de orixe.

Durante o mesmo período estarán a disposición de aqueles/as electores/as interesados/as impreso de solicitude de exclusión das copias do censo electoral que se entregan á representación das candidaturas proclamadas para o envío de propaganda electoral.

A solicitude de exclusión é un trámite que poden realizar os/as electores/as de modo permanente, tanto dentro dun período electoral coma fóra del e os



Pontevedra

que a soliciten non máis tarde do 17 de abril, non recibirán propaganda electoral nestas eleccións. Se a solicitude se realiza posteriormente, terá efecto nas seguintes eleccións.

Os teléfonos de información da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral para os/as electores/as son os seguintes:

900.343.232.(gratuito)

981 217 439

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontevedra a 5 de abril de 2023.